

Reintegro de gastos individuais por formación 2024

Propostas da CIG-Ensino

🗣 Tal como se establecía no acordo de “melloras” incrementábase a partida orzamentaria de 100.000€ a 200.000€. Desde a CIG-Ensino, tal e como indicamos na negociación do acordo, propoñemos que a partida que non se consuma, como vén sendo habitual, se reoriente ao incremento das licenzas por formación e que así conste no texto da Orde.

🗣 Os sindicatos con representación na Mesa Sectorial debemos poder formar parte da comisión que resolva as axudas.

🗣 Solicitamos tamén un informe de como foi a resolución do ano 2023: fondos totais pagados e número de persoas beneficiadas. Tamén claro está da do curso 2024.

🗣 **Artigo 5.** “o profesorado substituto poderá cursar a solicitude sempre que a actividade se desenvolva integramente durante o período do seu nomeamento”. Isto fai inviable que poidan pedir axuda dado que moitas actividades se desenvolven en períodos como as vacacións de nadal ou semana santa nas

que as persoas substitutas non están contratadas. Ademais unha persoa substituta adoita ter ter espazos de varios días sen contrato. Deberían poder solicitar a axuda se están activos no momento da matrícula ou de comezo de curso.

[Vanlle dar unha volta.](#)

Non estamos de acordo con que se establezan diferenzas entre o profesorado pola súa situación administrativa.

Por outro lado o lóxico é que teña dereito toda aquela persoa que completa a actividade e dáse o caso de que en baixas médicas ou en ceses por remate de contrato si que se ten dereito ao recoñecemento de ter completado a formación (por exemplo, en formación presencial que supere o 85%). Se isto é así, debe

ter dereito á axuda polos gastos efectivamente realizados. [Vano estudar.](#)

🗣 **Artigos 10, 11 e 22.** “1 mes desde o día seguinte ao da publicación no DOG” Malia que a documentación xustificativa das actividades que non se realizaran antes do último día do prazo de presentación de

A CIG-Ensino propón
que a partida non
consumida se reoriente ao
incremento das licenzas
de formación

solicitude se pode entregar até o 5 de decembro, hai que solicitar a axuda no prazo indicado aínda que a actividade se realice en setembro, outubro ou decembro. Se a orde se publica no verán, o profesorado non estará atento á matrícula en cursos polo que solicitamos que non se publique en DOG até setembro cando menos.

[Se a orde se publicase antes de setembro o prazo sería todo o mes de setembro.](#)

Tamén hai que aclarar no Artigo 22, Xustificación e pagamento, os prazos, xa que coa frase: “A documentación xustificativa deberá presentarse dentro do prazo de presentación de solicitudes” semella que os que accedan a axuda ao través do apartado B do artigo 11 quedarían fóra. [Van mellorar a redacción e deixar claro que si teñen dereito.](#)

Consideramos que debería haber unha única quenda e non dúas e que o prazo debería estar aberto durante todo o ano, con resolución das axudas a final de ano, o cal evitaría todas estas dúbidas.

 **Criterios de valoración.** Cando se establecen as prelacións, o borrador establece que “resolveranse as solicitudes

do persoal docente de carreira e do persoal funcionario en prácticas que gozasen destas axudas nas convocatorias de 2018 e 2023, por esa orde”. Na anterior convocatoria aparecía a referencia a quen gozase destas axudas nas convocatorias 2018 e 2019, polo tanto supoñemos que é un erro é que debe ser 2019 e 2023, é correcta a nosa apreciación? [Confirman que é un erro e que será corrixido.](#)

 A convocatoria é unicamente para actividades non organizadas polos servizos de formación da Consellaría, o que parece lóxico sempre e cando a Consellaría regule con carácter universal a cobertura do gastos derivados desa formación. Hai casos nos que si se cobren, en función do remanente do CAFI, os CFR ou os propios centros. Debe evitarse un trato diferente e, por tanto, regular que os gastos derivados desa formación tamén se paguen directamente dos fondos de formación da Consellaría ou dos centros. [Non van cambiar nada en canto á formación dos servizos centrais, CAFI, CFRs ou centros.](#)

OS NÓSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago
☎ 981 57 68 00
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina 90
15007 A Coruña
☎ 981 169 810
acorunha@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal